

Do PSdeG sobre a utilización de medios públicos para finalidade privada no concello do Irixo

2, Novembro 2015 [f](#) [t](#) [w](#) [p](#)

O portavoz do grupo municipal socialista no concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, vén nos pasados días de presentar un escrito ante o que lle denunciaron varios veciños e veciñas da parroquia de San Cosme que, en pasadas datas, o tractor da mancomunidade estivo durante varias semanas a traballar na limpeza de fincas privadas en dita parroquia, que estas fincas son fincas particulares que segundo denuncian os veciños foron presuntamente cedidas en uso a un particular amigo do alcalde e tenente alcalde para, supostamente, pastoreo de animais.

Os socialistas consideran esto un feito máis da política do goberno do PP neste concello baseada na consideración do eido público coma propio e da política de amiguismo do Seu Alcalde Manuel Penedo e o Seu Tenente de alcalde Manuel Cerdeira.


Denuncian os socialistas unha mostra máis dun concello, o do Irixo, con dúas categorías de veciños e veciñas: os amigos e familia do Seu Alcalde Manuel Penedo e o Seu Tenente de alcaldes Manuel Cerdeira e demais membros do goberno aos que se lles fan cousas gratis, e para beneficio particular (recordemos os máis de 35 mil euros máis IVE do muro no pobo do Pedrouzo que se lle fixo ao primo do Alcalde, que xa denunciaran os socialistas recentemente) e outra categoría, formada polo resto dos veciños, aos que se atende tarde, mal ou nunca.

Pregunta, entre outras cuestións, o portavoz socialista ao goberno de O Irixo;

¿Se Existe algún tipo de procedemento para que a maquinaria do Concello e da Mancomunidade, neste caso, traballe e limpe propiedades privadas?

¿Que ten que facer un veciño ou veciña de O Irixo se non é amigo do alcalde e do tenente de alcalde para que o tractor da mancomunidade lle limpe as súas fincas?"

RADIO EN DIRECTO



TEMPO

O Carballiño

Hoxe, Xullo 19, 2016
23:00-05:00



Mañá, Xullo 20, 2016
11:00-17:00



Xullo 21, 2016
11:00-17:00



O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de [yr.no](#)

CURTAS

SANTA UXÍA DE LOBÁS CELEBRA A FESTA ROMARÍA DA MADANELA. PROCESIÓN DE ANTORCHAS O DIA 21 ÁS 9 DA NOITIÑA, O DIA 22 MISAS E XANTAR DE ROMARÍA NA CARBALLEIRA DA MADANELA. VERBENAS EN COSTOIA CON ACIREMA, ISRAEL, ESTELARES, D' LÍDER E TREBOL.

FESTAS DE SAN BENITO EN MOLDES - BOBORÁS, OS DIAS 11 E 12 DE XULLO. AMENIZADAS COAS GRANDES ORQUESTRAS CHARLESTÓN, OLIMPUS E LA FÓRMULA. MISAS TODA A MAÑÁ NA IGREXA PARROQUIAL. NO CAMPO DA FESTA HABERÁ PULPO E COSTELA ASADA.

9ª FESTA DA CABRA EN ANLLO, ODOMINGO DIA 10 DE XULLO. DEGUSTACIÓN DE CARNE DE CABRA GUISADA POR 8 EUROS, TAMÉN HABERÁ PULPO E OUTRAS VIANDAS, E ANIMACIÓN MUSICAL. RESERVAS NO TELÉFONO: 659 452 918.

A PARROQUIA DE MANDRÁS (CEA)

CELEBRA AS FESTAS PATRONAIS DO 1 AO 3 DE XULLO. ACTUARÁN AS ORQUESTRAS PONTEVEDRA, CLAXXÓN, E CAPRICO. AS PANDEREITEIRAS DE MANDRÁS E OS GAITEIROS OS ACHEGADOS.

CAMEIXA CELEBRA AS FESTAS DA VIRXEN DO ROSARIO, DO 1 AO 3 DE XULLO, CON VERBENAS AMENIZADAS POLAS ORQUESTRAS TRIBAL, CIUDAD DE VIGO, ISRAEL E A ACTUACIÓN DA EUROVISIVA LUCÍA PÉREZ.

A VILA DE LEIRO CELEBRA AS FESTAS DO PATRÓN SAN PEDRO. O DIA 29 DE XUÑO, CON MÚSICA DE BANDA E GAITEIROS, A CORAL VAL DO AVIA E NA VERBENA AS ORQUESTRAS PLAYERS E PANAMÁ.

CHEGA A O CARBALLIÑO O ESPECTÁCULO TEATRAL-MUSICAL INFANTIL "LOS PAYASOS DE LA TELE" CON RODY ARAGÓN. SÁBADO DIA 11 DE XUÑO ÁS 18:00 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL. PREZO DA ENTRADA: 10 EUROS.

O HUMORISTA CARLOS BLANCO CLAUSURA O CICLO "CARBALLIÑO COMEDY". SÁBADO DIA 4 DE XUÑO ÁS 21 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CARBALLIÑO.

FESTA DO VIÑO TINTO DE CENLLE E RUTA DAS ADEGAS, OS DIAS 4 E 5 DE XUÑO. SERVIZO DE LUDOTECA INFANTIL POR 5 EUROS -CON MENÚ INFANTIL INCLUIDO- DAS 12 ÁS 17 HORAS DO DOMINGO

A COMPAÑÍA REDRUM TEATRO PRESENTA NO CARBALLIÑO A COMEDIA "NOITEBOA". SÁBADO 29 DE MAIO ÁS 18:30 HORAS NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

Desenrolado por coroa.es

